

Intencións e Principios

Un dos valores esenciais que inspira as actuacións do Grupo XEFOSNOR é o compromiso público coa protección do medioambiente e co desenvolvemento sostible.

E por iso que o Grupo XEFOSNOR nace coa idea de prestar un servizo integral de certificación aos seus membros, co fin de fomentar e facilitar a implantación dos requisitos de FSC. Así, búscase promover un uso racional dos produtos e servizos do monte mediante o compromiso coa certificación forestal, co fin de promover unha xestión planificada e respectuosa cos valores socioculturais e ambientais nas áreas onde XEFOSNOR estea a actuar.

Obxectivos

O Grupo XEFOSNOR ten por obxectivos achegar, facilitar, simplificar e reducir custos e traballo aos Propietarios que queren obter un certificado forestal para os seus produtos.

Para levar á práctica estes principios, a dirección da empresa propónse:

- Conseguir a máxima calidade na prestación dos nosos servizos, cumprindo escrupulosamente con todos os requisitos legais e regulamentarios aplicables á nosa xestión a nivel europeo, estatal, autonómico e local.
- Establecer procedementos para a revisión periódica do cumprimento da nosa política, obxectivos e metas, dentro do proceso de mellora continua.
- Formar e concienciar aos distintos grupos de interese relacionados coa nosa actividade, facéndoos participes da nosa política.
- Para evidenciar tales compromisos, faremos pública na nosa páxina web esta política e estará a disposición de calquera parte interesada polas pertinentes vías de comunicación.

A 15 de Maio de 2012



Presidente de XEFOSNOR